



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2024



Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia



lembrando contribucións ao traballo social



Ellen Gates Starr

Neste ano 2024, o día 19 de marzo o Día Mundial do Traballo Social, é tamén o día que naceu en 1859 Ellen Gates Starr. Esta activista de Illinois, fundou unha entidade en Chicago dende a que se impartían innovadores programas sociais, educativos e artísticos dirixidos principalmente a mulleres inmigrantes obreiras, procedentes de Europa. Corenta anos despois eran 500 Hull House, que era como se denominaban estas entidades por todo o territorio.

Tivo un importante papel nas mobilizacións para reformar as leis sobre o traballo infantil e as condicións laborais, en especial do sector feminino. Estivo na coordinación das folgas do sector da confección ao longo de 20 anos.

Cando as novas sobre deportacións masivas e a caza ás persoas migrantes, nos chegan dende o seu país, convénenos lembrar a figuras como a Ellen, e a súa actividade para mellorar a vida de aquelas mulleres europeas que no século pasado chegaron a outro país para mellorar as súas condicións de vida. Ao igual que moitas outras o fan agora.



PRESENTACIÓN

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia presenta ante a colexiación o programa de traballo realizado durante o ano 2024. Este documento contén o resumo da actividade levada a cabo pola organización profesional en Galicia, coa Xunta de Goberno á cabeza, para a promoción e impulso do Traballo social, o apoio ás e ós Traballadoras/es sociais e á cidadanía galega en xeral..

Durante o ano pasado, traballamos en diversos eixos transversais que reflicten a nosa visión integral do traballo social, impulsando ámbitos de acción profesional que a sociedade demanda, como o Traballo Social Educativo ou o Traballo Social en Emerxencias; explorando actividades innovadoras para darlle forma ao coidado e benestar das traballadoras sociais, xa que as persoas somos a base dun exercicio profesional de calidade; observando os requirimentos técnicos emerxentes para fomentar a formación requirida pola colexiación, posicionando ás traballadoras e traballadores sociais como referentes cun alto nivel de excelencia nas organizacións públicas e privadas onde prestan os seus servizos; explorando xacementos de traballo para as novas xeracións e facilitando a competitividade con outras profesións en espazos de traballo non exclusivos; capacitando á profesión para os novos retos aos que o planeta e as sociedades humanas se enfrontan mediante a difusión de enfoques sustentables no Traballo Social.

Non podemos obviar as situacións comprometidas que se presentan para a profesión. Durante o ano 2024 o COTSG tivo unha importante significación na defensa do sistema público de servizos sociais, debilitado paulatinamente, expresamos como colectivo a nosa preocupación pola crecente saturación dos servizos sociais e a privatización dos recursos en detrimento da calidade e accesibilidade dos servizos públicos, reafirmando o noso compromiso coa defensa dun sistema de protección social inclusivo e de calidade para todas as persoas.

SUMARIO

1 ORGANZIACION:

Xunta de Goberno, Consello Xeral, persoal COTSG, Comisión Deontolóxica e
Comisión do Bo Goberno

2 DEFENSA DA PROFESIÓN

2.1 SISTEMA PÚBLICO DE SS. SS.

2.2 SISTEMA DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA.

2.3 ÁMBITOS DE IMPULSO PROFESIONAL :

2.3.1 TS EDUCATIVO

2.3.2 TS EN EMERXENCIAS

2.3.3 I INFORME DOS SERVIZOS SOCIAIS E TRABALLO SOCIAL

3 LIÑAS DE TRABALLO DENDE A INSTITUCIÓN.

3.1 OS ÁMBITOS PROFESIONAIS

- SS.SS. COMUNITARIOS
- FAMILIA E INFANCIA
- TS SANITARIO
- TS E FEMINISMOS
- INCLUSIÓN SOCIAL
- EXERCICIO LIBRE

3.2 COMISIÓNS E GRUPOS DE TRABALLO

3.3 INTERVENCIÓN CORPORATIVA.

(QUEIXAS, CANLE DE DENUNCIAS)

3.4 AXENDA E INTERVENCIÓNS PUBLICAS.

4 IDENTIDADE, PARTICIPACIÓN E ORGULLO.

1 Organización:

A estrutura da organización colexial do Traballo Social, ten dous niveis. A nivel estatal represéntanos institucionalmente o **Consello Xeral de Traballo Social**. Este órgano ten tarefas de coordinación e impulso do Traballo Social, como disciplina científica e como profesión.

En Galicia, a representación recae na **Xunta de Goberno do COTSG**, sendo as súas directrices fundamentais para a articulación da profesión en Galicia. O **cadro de persoal e as asesorías externas** realizan o traballo operativo da institución.

Por último a **Comisión Deontolóxica** é un órgano regulamentario que asume a garantía dunha praxe profesional articulada dentro das normas da profesión.

Como novidade este ano, e trala aprobación do Código de Bo Goberno, incorpórase a **Comisión do Bo Goberno** á estrutura organizativa colexial.

A organización colexial fundamentase na conxugación destes elementos constituíndo en distintos niveis e responsabilidades un conxunto coordinado e eficiente.

Pero o elemento fundamental que fai que toda a estrutura estea en pe, é a colexiación, as mulleres e homes, profesionais do Traballo Social que conforman o COTSG. O ano 2024 pechámolo sendo **3371** persoas colexiadas. A Asemblea Xeral do COTSG no ano 2024 tivo lugar o 28 de maio en Santiago de Compostela.

3371 persoas colexiadas, o noso músculo



CONVOCATORIA

ASEMBLEA XERAL DO COLEXIO DE TRABALLO SOCIAL 2024

Detalles da Asemblea:

- * Data: 28/05/2024
- * 1ª Convocatoria: 16:00 h
- * 2ª Convocatoria: 16.30 h
- * Modalidade Mixta: A través da plataforma Zoom - Online e/ou presencial na Sede do COTSG (Rúa dublín Nº 6 - Santiago de Compostela)

Inscríbete

antes do 27 de maio

*Petiscos ao finalizar



○ Consello Xeral do Traballo Social

O Consello Xeral do Traballo Social é o órgano representativo, coordinador e executivo, nos ámbitos nacional e internacional, de los Colegios Oficiais de España. A Presidenta de este entidade corporativa é **Emiliana Vicente**, que encabeza unha Xunta de Goberno composta por traballadoras e traballadores sociais con ampla experiencia profesional en campos variados do ámbito do Traballo Social e con procedencia xeográficas diversas.

A Presidenta, mantivo unha actividade constante ao longo de todo ano, representando ao Traballo Social en todos os foros e espazos nos que foi necesario. A súa interlocución co goberno estatal foi constante e imprescindible para que as liñas fundamentais da nosa disciplina estean representadas na súa actividade lexislativa e organizativa. Acompañan a Emiliana Vicente na Xunta de Goberno do Consello Xeral de Traballo Social: Ana M^a Vilar, Lucia Gonzalez, Raquel Millán, Marta Alguacil, Alvaro Gallo, Francisco Jimenez, Laura Monroy, M^a Dolores Soler, Marta Simón, Fernanda Caro, M^a del Carmen Valderrey.

“Con rebeldia para contribuir a una sociedad mas justa igualitaria que genere igualdad de oportunidades entre hombres y mujeres. No solo es un ejercicio de profesionalidad sino un elemento esencial de nuestra democracia”



A nosa compañeira **Ana M^a Vilar**, vicepresidenta na Xunta de Goberno do COTSG, é vicepresidenta segunda da Xunta de Goberno do Consello Xeral, compatibilizando as obrigas destes dous cargos facilita a comunicación e coordinación dos dous niveis de goberno.



Asembleas:

- **16.03.2024 Asemblea** do Consello Xeral de Traballo Social e Premios Estatal de Traballo Social, celebrada en Zamora.
- **13.12.2024 Asemblea** do Consejo Xeral de Traballo Social en Madrid.

Reunións temáticas:

- **24.01.2024 III Encontro** da Red Ética y Deontolóxica de TS. Madrid
- **19.09.2024 II Xornada** Intercolexial de TS Sanitario . Bilbo
- **04.10.2024 Encontro** de Presidencias de COTS . Barcelona



Asemblea CGTS Madrid decembro 2024



II Xornada intercolexial de TS Sanitario Bilbo setembro 2024



Encontro de presidencias outubro 2024



**Asemblea CGTS Madrid
decembro 2024**



**Asemblea CGTS Zamora
xaneiro 2024**

Actualización do Código Deontolóxico

O Consello Xeral iniciou o proceso para a actualización do **Código Deontolóxico**. Despois de máis dunha década de vixencia do actual considerase que os cambios tanto na sociedade como na profesión, fan necesaria unha reflexión que posibilite adaptar este documento fundamental ao tempo e aos retos que se nos presentan como profesión no momento actual. Neste proceso participa a colexiada de Galicia Luz Campello.



ESCOLA DE VERÁN 2024



A III Edición da Escola de Verán 2024 organizada polo Consello Xeral do Traballo Social en colaboración co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, celebrouse os días 21, 22 e 23 de xuño en O Carballiño (Ourense) baixo o lema “As Artes para Cuid-Arte”.

A organización en Galicia deste evento social e formativo é unha grande honra para o COTSG, e representa á confianza e o respecto que a estrutura estatal ten neste Colexio.

Nesta III Escola de Verán vinculamos a arte co traballo social e os coidados, abrindo un espazo para explorar como converxen para promover o benestar individual e colectivo, así como para reflexionar sobre o traballo social que desexamos e sobre a importancia dos auto/coidados nas nosas intervencións como profesionais.

O programa foi o seguinte:

**III ESCUELA DE VERANO
DEL CONSEJO GENERAL DEL
TRABAJO SOCIAL**

Las artes para Cuid/arte

Vinculamos el arte con el trabajo social y los cuidados, abriendo un espacio de exploración para promover el bienestar individual y colectivo.

ORGANIZA: Consejo General del Trabajo Social

COLABORA: Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

21, 22 y 23 Junio
Residencia de Tempo Libre
do Carballiño
Av. do Parque, S/N. 32500
O Carballiño, Ourense

www.cgtrabajosocial/ eventos.com

**III ESCUELA DE VERANO
CONSEJO GENERAL DEL TRABAJO SOCIAL**

Las artes para Cuid/arte

VIERNES, 21 DE JUNIO

12:30 h Comida
Para los que llegáis temprano, tenéis disponible el servicio de comida en la Residencia.

13:00 h Check-in y Acreditación
Os recibiremos e acreditaremos en las habitaciones y organizaremos los grupos.

13:00 h Actividad de Bienvenida e Integración
Conoceremos la Escuela, con la bienvenida de la Alcaldesa de Carballiño y los presidentes del Consejo General del Trabajo Social y del Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.

13:45 h Actividad de Bienvenida
Actividad grupal en la que nos conocemos.

16:15 h Café Encuentro

16:45 h Actividad Taller 1
Cada grupo formará parte de un taller de 1 hora de duración.

19:30 h Cena temática "Tradiciones Gallegas"
Plato tradicional gallego: Gallegos, bollos tradicionales e música tradicional.

SÁBADO, 22 DE JUNIO

09:00 h Actividad Bienestar
Elige entre las 3 opciones disponibles para empezar el día con energía.

09:30 h Desayuno

09:30 h Actividad Taller 2
Cada grupo formará parte de un taller de 1 hora de duración.

10:45 h Actividad Taller 3
Cada grupo formará parte de un taller de 1 hora de duración.

11:45 h Café Encuentro

12:15 h Actividad Taller 4
Cada grupo formará parte de un taller de 1 hora de duración.

13:30 h Recorrido Porche en bicicleta

13:45 h Excursión en Catenetras por las Cadenas del Río Sê y Casa de vino
Llegaremos al embudo desde Catenetras e iniciaremos un recorrido en catenetas por las cadenas del Río Sê tras el cual vendremos una casa de vino y casa. Realizaremos visitando un mirador con unas vistas espectaculares.

16:30 h Cena

19:00 h Música Temática: Pre-novena San Xosé
Quedados después de la noche.

21, 22 y 23 Junio
Residencia de Tempo Libre do Carballiño
O Carballiño, Ourense

www.cgtrabajosocial/ eventos.com

**III ESCUELA DE VERANO
CONSEJO GENERAL DEL TRABAJO SOCIAL**

Las artes para Cuid/arte

DOMINGO, 23 DE JUNIO

08:00 h Actividad Bienestar
Elige entre las 3 opciones disponibles para empezar el día con energía.

08:30 h Desayuno

Ten al desayuno tendremos el Acto de Clausura
Nos despediremos con conclusiones y diferentes intervenciones.

10:00 h Paseo Segural por Carballiño
Con un guía especializado, visitaremos el pueblo y sus lugares emblemáticos.

INFORMACIÓN DE INTERÉS

Se formarán 4 grupos de manera aleatoria y todos los grupos realizarán los mismos talleres en horarios diferentes.

En la actividad de Bienestar, podéis elegir entre Yoga, Activar y Carrera Molina.

Los talleres que se impartirán serán los siguientes:

- Danza impartida por María Sotelo
- Escritura impartida por Beatriz Lema
- Taller del Oprimido impartida por Nekane Fernandez
- Plática impartida por Antonio Maza

La inscripción a la Escuela incluye:

- Transferir presupuesto de Santiago / Estación Ourense a la Escuela (con tarjeta de preinscripción)
- Matrícula del taller de escritura con libro de trabajo en biblioteca (sebastar en caso de no venir acompañados)
- Presencia completa con los talleres incluidos
- Servicio de transporte de habitaciones
- Café o media mañana y media tarde
- Examen del sábado 23 de junio
- Actividades nocturnas gratuitas
- Acceso a los talleres y actividades de bienestar

La inscripción a la Escuela NO incluye:

- Productos de higiene (en los habitaciones o hay gel, champú o secador de pelo)
- Salida fuera de las comodidades en los noches temáticas

21, 22 y 23 Junio
Residencia de Tempo Libre do Carballiño
O Carballiño, Ourense

www.cgtrabajosocial/ eventos.com

O contido científico da III Escola de Verán foi impartido en forma de talleres participativos, en pequenos grupos, e xirará ao redor de tres eixos fundamentais:

- Reflexión e auto/coidado a través das artes.
- Coidado das relacións, participación e transformación social a través das artes.
- Coidado das contornas, xustiza ecosocial e feminismos a través das artes.

O espírito desta edición, en liña coas anteriores puxo o seu aceno de identidade nas relacións persoais, a proximidade, o recoñecemento, o afecto, a análise e a reflexión para seguir crescendo como persoas e como profesionais. Isto conseguiuase a través de obradoiros e dinámicas vivenciais, con moitos espazos para dialogar, para compartir e para atoparse.

Un experiencia enriquecedora persoal e profesionalmente.





V ENCONTRO DE ÁREAS TÉCNICAS

Formación organizada polo Consello Xeral, dentro do espazo “Collegium”, onde o o persoal técnico dos colexios profesionais comparten un espazo cheo de coñecementos para conseguir e garantir a máxima calidade na atención ás persoas colexiadas.

Neste evento, ademais de render homenaxe ao noso responsable de Administración, Aquilino Santiago, por máis de 25 anos dedicados a este colexio profesional, tratáronse temas cruciais como estratexias de participación, ferramentas de autocoidado, e proxectos innovadores nos colexios profesionais.



Xunta de Goberno

A actividade das e dos compoñentes da Xunta de Goberno foi constante ao longo do ano, encargándose colectivamente das funcións executivas, negociadoras e de representación.

No ano 2024 incorporouse á Xunta de Goberno Belén Vázquez Iglesias en substitución do vogal Pablo Antelo Garcia que presentou a súa renuncia en decembro do 2023.

A secretaria da Xunta de Goberno, Ana Rodríguez Fernández, presentou a renuncia ao ser cargo a finais de ano, sendo substituída nas súas funcións pola vogal M^a Rosario Capelo Casas, e incorporouse como vogal M^a Amparo Borrajo González.

A equipa da Xunta de Goberno ao remate do 2024 esta constituída por.



“Dende a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia queremos involucrar a toda a profesión e rede colexial na necesidade dunha participación proactiva canalizando as sinerxías, fomentar as alianzas comúns e utilizar o consenso como método de toma de decisión.”

Miriam Rodríguez Sierra. Presidenta

Ana Vilar Varela. Vicepresidenta



Antonio Doval Canabal. Tesoureiro



Rosario Capelo Casas. Secretaria



Vogais:



Elena Gómez Fenández



Cristina Díaz Mira



Isabel Fernández Lema



María Belén Vázquez
Iglesias



Laura Zapata Criado



María Amparo Borrajo
González

Técnicas do COTSG

O persoal é o elemento que fai o traballo planificado e aprobado pola Xunta de Goberno. É un elemento fundamental para posibilitar a eficacia da acción da institución. O cadro de persoal do COTSG ao final de ano esta composto por :

- **Coordinación:** David Gontán Varela
- **Formación:** Fe Sampayo Fernández, en baixa temporal.
- **Grupos de traballo:** María Olivares Lemos
- **MATTIASS e SIUSS:** Ana Fungueiriño Carneiro e Manuel Penido Barbazán
- **Representación:** Ignacio Igrexas Vilar
- **Administración:** Aquilino Santiago Rei e Susana Neo Gómez.

Asesorías externas

Asesoría de Comunicación: A xornalista Uxía Bereijo, encargouse das funcións propias desta actividade. Entre xaneiro e decembro, precedeuna a empresa CECUBO.

Asesoría xurídica: A empresa ARTIGO 14, S. Coop. Galega realizou durante o ano 2024 o servizo de asesoramento xurídico do COTSG. Este servizo comprende a asesoría xurídica corporativa da entidade, así como o asesoramento á colexiación en asuntos relativos ao regulamento xurídico e procedementos administrativos, así como a diversos temas relacionados co seu posto de traballo.



Asesoría informática: A empresa MMBUXAN prestou os servizos de asesoría informática ao COTSG durante todo o ano 2024, este contrato mantemento e actualización de hardware, asesoramento en novas tecnoloxías, implementación de sistemas de almacenamento e arquivo de datos en nube segura e mantemento periódico online.

Asesoría Contable, Fiscal e Laboral: a empresa Xestión Social prestou os seus servizos ao COTSG como asesora en tres niveis; contable, fiscal e laboral durante todo o ano 2024. O contido deste contrato comprende realizar todos os procedementos internos e externos nestas tres áreas, así como prestar asesoramento en aspectos de xestión relacionados con elas.

Asesoría de Protección de Datos: O contido deste contrato é a supervisión do cumprimento normativo no tratamento e protección de datos, asesorar e informar das obrigas nesta materia e en xeral promover métodos de traballo compatibles coas obrigas legais pertinentes.

O servizo de protección de datos durante o ano 2024 foi prestado pola empresa PROTEXDAT.

Comisión deontolóxica

A **Comisión Deontolóxica e de Ética Profesional** é un órgano consultivo, que asesora en materia de ética e deontoloxía profesional, así como en relación ás necesidades, demandas e cuestións que susciten ou se soliciten e teñan que ver coa organización colexial e o exercicio da profesión.

Durante o ano 2024, a comisión estudou catro casos que requiriron do seu ditame, e reuniuse dúas veces.

Esta Comisión participou en xaneiro na III Red Ética y Deontológica de Trabajo Social, organizada polo Consello Xeral, asistindo á mesma Rosario Capelo e Elena Gómez. O obxectivo deste encontro foi coordinar o funcionamento entre Comisión Deontolóxica do Consello Xeral e as comisións deontolóxicas colexiais, dentro da independencia de cada unha delas, promovendo o establecemento de parámetros comúns e establecer as bases para a actualización do código deontolóxico.

Composición da Comisión Deontolóxica:

Emma M^a Seoane Uzal

Carlos Taibo Rey

Nuria Lagüela Felpeto

Ana Vilar Varela

Elena Gómez Fernández

María Isabel Rodríguez Cañas

Rosario Capelo Casas



A Comisión Deontolóxica co obxectivo de promover a formación da colexiación, impulsou un curso de ética aplicada durante o ano 2024. Abordouse a toma de decisións tendo en conta criterios éticos e deontolóxicos, así como o funcionamento dos comités de ética.



Comisión Permanente do Bo Goberno

O código do Bo Goberno foi aprobado pola Asemblea Xeral do ano 2024, como un texto que incorpora a vida colexial normas de funcionamento e relación. Froito deste acordo constitúese esta comisión co obxectivo de impulsar e dinamizar o contido deste código. As persoas que a compoñen nomeáronse na reunión da Xunta de Goberno do mes de setembro, e son:

Patricia Fernández Pérez
Concepción Vilas Fernández
Ana Isabel Guillén Vilanova



Contido informativo de obrigada recollida

Datos de obrigada recollida na memoria anual segundo o artigo 10 dos Estatutos do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia:

- Non houbo procedementos sancionadores por parte do COTSG durante o ano 2024.
- No ano 2024 producíronse dezaseis queixas presentadas por persoas usuarias:
 - 2024/01 recibida 14.02.24 . Contestada
 - 2024/02 recibida 21.02.24. Contestada.
 - 2024/03 recibida no 2023, remitida a Comisión Deontolóxica e arquivada
 - 2024/04 recibida 02.04.24. respostada asesoría xurídica
 - 2024/05 recibida 05.04.24 respostada asesoría xurídica
 - 2024/06 recibida 05.04.24, arquivada e contestada
 - 2024/07 recibida 23.04.24, arquivada e contestada
 - 2024/08 recibida 05.06.24, arquivada e contestada
 - 2024/09 recibida 05.07.24, arquivada e contestada
 - 2024/10 recibida 16.07.24, arquivada e contestada
 - 2024/11 recibida 08.08.24, arquivada e contestada.
 - 2024/12 recibida 13.08.2024, arquivada e contestada.
 - 2024/13 recibida 13/08/24 derivada comisión deontolóxica
 - 2024/14 recibida 19/09/24 derivada comisión deontolóxica
 - 2024/15 recibida 24/09/24 derivada comisión deontolóxica
 - 2024/16 recibida 13/08/24 arquivada e contestada.
- Os e as compoñentes da Xunta de Goberno non se atoparon en situacións de conflito de intereses
- Non existe actividade de visado.

2 Defensa da profesión



• 2.1 Sistema Público de Servizos Sociais

Dende as últimas semanas do ano 2023 o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia tomou unha posición proactiva fronte as novas que auguraban cambios que debilitan o sistema público de Servizos Sociais e abundan nunha privatización nas prestacións que reciben as persoas. Esta situación foise agudizando ao longo do ano, e confirmáronse as expectativas máis escuras.

O desmantelamento do sistema público de servizos sociais foi tensionando a situación das compañeiras e compañeiros dos servizos comunitarios básicos, ate que levantaron a súa voz a comezos do ano. O manifesto no que relataron a situación na que se atopan os servizos sociais municipais, tivo o apoio da rede colexial e trasladouse a todos os foros posibles.

O grupo de traballo constituído no COTSG polas traballadoras sociais municipais mantívose activo durante todo o ano, mantendo diversas reunións virtuais. O número de persoas variou en cada unha delas, pero sobre 20 persoas formaron permanentemente este foro de debate e análise da primeira liña do sistema público de servizos sociais.

Un dos puntos de conflito mais destacados neste ámbito deuse no concello de Vigo. As traballadoras sociais dos seus servizos realizan concentracións periódicas baixo o lema de “Vigo sen Benestar”. O blog do COTSG, deulle voz a Teresa Elvira, unha das compañeiras mobilizadas, para que nos explicara que estaba a pasar e asistimos a unha das súas concentracións.

INCIDENCIA POLITICA

Eleccións áo parlamento de Galicia 2024

O COTSG elaborou un documento de propostas para presentarlle ás forzas que se presentaban ás eleccións co fin de transmitir as necesidades sociais da cidadanía galega detectadas a través do exercicio profesional da súa colexiación.

O Colexio como entidade de dereito público con mandato para ordenar a profesión fundamental nas políticas de benestar social, veu a necesidade de comunicarlle ás forzas políticas as inquedanzas que ten a nosa colexiación sobre temas fundamentais no sistema de protección social.

As eivas que observamos nos sistemas que satisfán as necesidades sociais, en niveis de planificación, organización e execución, impiden ou dificultan un funcionamento óptimo, e supoñen un lastre para a eficiencia e efectividade da súa acción.

O documento que recolleu as aportacións do Traballo Social, foi presentado ás forzas políticas, posibilitando un contacto directo e o intercambio persoal coas súas representantes.



Reunión co BNG



Reunión con PODEMOS



DEFENSA ACTIVA DAS POLÍTICAS SOCIAIS

AS TRABALLADORAS SOCIAIS DE VIGO, “QUÉRONO CON BENESTAR “

O concello de Vigo, o mais poboado de Galicia arrastra importantes problemas na atención á problemática social da súa cidadanía. As compañeiras dos servizos sociais desta cidade fixeron, e fan, concentracións periódicas para chamar a atención sobre esta situación. O COTSG achegouse a acompañalas e entrevistamos a unha delas no blog, para darlle voz as súas reivindicacións.



O BLOG DO COTSG

BENESTAR SOCIAL EN LOITA
@VIGOSENEENESTAR



TERESA ELVIRA: Vigo, unha ratio de 17.000 persoas para unha traballadora social.



O Concello de Ourense reduce o número de UTS

O goberno municipal de Ourense optou por reducir o número de traballadoras sociais e eliminar UTS. O COTSG fixo un comunicado público opoñéndose a estas medidas e apoiou ás traballadoras sociais nas súas mobilizacións.



Falamos cos sindicatos para trasladarlle a condicións laborais

Reivindicar o valor social do noso traballo leva incorporado a reclamación da valoración económica do mesmo. Non podemos traballar dende un enfoque feminista na nosa praxe diaria, sen aplicar este mesmo enfoque na nosa vida profesional.

Por todo isto consideramos necesario reverter a discriminación que polo feito de ser “unha profesión de coidados”, con alta prevalencia feminina levamos arrastrando décadas. Necesitamos evidenciarlo para que a capacitación técnica e profesional teñan o reflexo correcto nas Relacións de Postos de Traballo e nos salarios percibidos.

Reunímonos coa CIG, UXT, CSIF e CCOO difundindo a situación e buscando alianzas.



CARA O NOVO MODELO PÚBLICO DE SERVIZOS SOCIAIS

A estrutura colexial esta comprometida en avanzar cara o novo modelo do sistema publico de servizos sociais , e todas as accións están dirixidas cara ese obxectivo a medio prazo. Ao longo do 2024 continuouse difundindo o novo paradigma no que se sustenta esta proposta de xeito directo e indirecto.

A defensa da profesión é indisoluble da defensa do sistema público de SS.SS.

Ao longo do ano 2024 o COTSG levou adiante moitas reclamacións e alegacións sobre temas profesionais con indubidable repercusión no funcionamento dos servizos sociais. O fondo delas variou, pero o nexo común é resolver as trabas para facilitar o exercicio profesional das traballadoras e traballadores sociais. Unha escolma desta actividade:

A seguridade laboral é fundamental



Accesibilidade dos sistemas de Benestar



Os concellos teñen que cubrir as prazas de TS



O noso nome é Traballador/a Social



Necesitamos ferramentas operativas



Queren quitarnos a voz no Consello Galego de Benestar



O BLOG DO COTSG

O TRABALLO SOCIAL E OS COIDADOS NO MEDIO
RURAL



Mar Iglesia Cabaneiro, traballadora social no concello de Abadín, aborda os coidados no rural.



Sen traballadoras sociais non hai calidade

A carga de traballo en todos os recursos aumenta pero o incremento do número de profesionais non. Para dar unha atención óptima necesitamos que aumenten as nosas prazas.



O exercicio do Ts no Medio Rural

Galicia ten unha gran parte do territorio no medio rural, e os servizos sociais, e por tanto o Traballo Social, ten que adaptarse a unha realidade que ten unhas circunstancias e condicionantes específicos. O blog fixo unha chamada a entender e atender as necesidades sociais propias da cidadanía que habita o rural.

Estivemos nos medios para defender os servizos sociais públicos

A representación do COTSG asistiu a todos os foros posibles para defender o posicionamento da nosa profesión sobre os servizos sociais



• 2.2 Sistema de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia.



O sistema de promoción da autonomía persoal e a atención á dependencia é o elemento dos servizos sociais que sofre un dos maiores ataques dos últimos anos, e polo que necesita un impulso específico na súa defensa.

Dende finais do ano pasado, a Xunta de Galicia está promovendo cambios que irreversiblemente conducen ao deterioro e privatización dos servizos, facendo caso omiso das mensaxes que dende os servizos sociais, comunitarios e especializados lles envían os traballadores e traballadoras sociais.

A comezos de ano, anunciáronse os bonos para servizos, que significa que os servizos que ten que prestar o sistema se subvencionen para privatizalos, lonxe dos controis de oportunidade, congruencia e calidade, que proporciona a xestión profesionalizada dos servizos públicos.

A inexistente información propiciou un caos nos servizos sociais, onde a cidadanía acudía a recibir unha orientación imposible.

No remate do ano por sorpresa e sen consultala con ninguén, aprobouse na lei de acompañamentos dos orzamentos de Galicia para o ano 2025, unha reforma da tramitación da dependencia que eliminou o informe social preceptivo nas solicitudes, entre outros cambios.

A resposta do Colexio Oficial de Traballo Social esta sendo contundente e constante, e alongase no tempo ate este ano 2025.

As solucións non poden ser parches

O anuncio dos bonos coidado, apareceu ligado a intereses electoralistas, e significou (ademais de un empuxón cara a privatización dos servizos de atención a dependencia) un caos nos servizos sociais comunitarios que asumiron sen información nin formación as demandas da cidadanía, alentadas por informacións pouco rigorosas.



Reunímonos coa FEGAMP



A situación que estaban a vivir os servizos sociais comunitarios a causa das actuacións en dependencia comunicóuselle á FEGAMP no transcurso dunha reunión.

Alegacións ao anteproxecto de decreto

Durante o procedemento de cambio normativo do Decreto 142/23, o COTSG elaborou e presentou no Consello Galego de Benestar Social alegacións ao texto do anteproxecto.



Os cambios na lei de acompañamento aos orzamentos de Galicia 2025

Os cambios introducidos na lei de acompañamento aos orzamentos supuxeron un ataque a participación social na elaboración da normativa a través do Consello Galego de Benestar social, así como un cambio profundo nos servizos de atención á dependencia. A eliminación do Informe Social da documentación preceptiva é unha ameaza para a calidade da atención.

Fomos ao Parlamento para asistir a preguntas sobre Dependencia

O COTSG asistiu ao Parlamento de Galicia cando foi convidado para apoiar as preguntas sobre a dependencia que fixeron os partidos da oposición sobre as incongruencias dos cambios realizados polo Goberno de Galicia.



2.3 Ámbitos de impulso profesional

2.3.1 Traballo Social Educativo



O Traballo Social Educativo é unha das áreas profesionais da nosa titulación que a Xunta de Goberno quere poñer en valor e recuperar despois de anos de recortes e amortización de prazas.

As tres fronteiras nos que se esta a traballar son:

- Reverter a amortización das prazas de Traballo Social nos equipos de orientación específicos. Este proceso completouse no ano 2024, cando se xubilou a última das traballadoras sociais deste equipos provinciais. Lugo foi o último deles.

- Os Centros de Educación Especial públicos foron perdendo as prazas de Traballo Social a medida que se xubilaban as compañeiras que ocupaban estas prazas. Dáse o paradoxo que os centros de educación especial privados si que teñen esta figura profesional, xa que entenden que as súas funcións son básicas para o traballo dos equipos profesionais.

- O sistema educativo está necesitado de incorporar novas figuras profesionais para darlle resposta ás necesidades que presenta a comunidade educativa, e que sen atender interfieren coa súa función educativa. Reclamamos a necesidade da incorporación á Educación de profesionais do Traballo Social como sucede en outras comunidades autónomas e países. É necesario atender a problemática social do alumnado e coordinar o sistema educativo coas intervencións sociais do resto dos sistemas de benestar.

Co obxectivo de sentar as bases do traballo que nos permita conseguir avances neste campo, tiveron lugar diversas intervencións ao longo do 2024 para difundir entre a sociedade e a comunidade educativa a necesidade de atención social nos centros educativos, de formar aos traballadores e traballadoras sociais en Traballo Social Educativo, e de promover actividades que manteñan a presenza dos nosos profesionais en actividades educativas nos centros.



I xornadas de Traballo Social Educativo

Son a aposta firme do COTSG de reverter a situación en Galicia, que nos últimos anos significou a desaparición da profesión no sistema educativo. O obxectivo principal foi difundir entre a colexiación que cal é a función da profesión no eido educativo, que necesidades están por cubrir e a situación en outras comunidades cunha abordaxe máis social.

Estas xornadas queren ser o punto de partida para reaccionar fronte ás eivas na atención social do sistema educativo e na coordinación cos demais sistemas de do estado de benestar.

Mesa inaugural



Contido das I Xornadas de Traballo Social Educativo

O programa destas xornadas comezou coa inauguración a cargo da Presidenta do Colexio, Miriam Rodríguez, a Vicepresidenta do COTSG e do Consejo General, Ana Vilar e da vogal da Xunta de Goberno encargada do proxecto de TS educativo, Laura Zapata. A continuación desenvolveuse unha mesa redonda que co título “Análise da situación social no sistema educativo” moderou Diana Escobar. As participantes nesta mesa foron Marta Pintos, Berta Conde, Eva Vila e Andrea Lago. A continuación desenvolveuse un relatorio denominado “Experiencia práctica profesional no eido educativo e propostas de impulso do Traballo Social en Educación do Consejo General” impartido por Dolores Soler, e presentado por Ana Vilar.

Pechouse a xornada con un obradoiro no que se reflexionou dende o punto de vista profesional sobre o contido da xornada, coordinado por Ana Souto.



Distintos momentos do desenvolvemento das I Xornadas de Traballo Social Educativo.

Confederación de ANPAS Galegas

Durante o 2024 colaboramos coa Confederación de ANPAS Galegas en varias accións. Apoiaron a nosa reivindicación diante da Consellería de Educación para que se cubriran as prazas de Traballo Social nas equipas de orientación específicas, asinamos un convenio que posibilitou a presenza en actividades no eido escolar de traballadores sociais a través de dúas actividades realizadas polo persoal do COTSG, unha actividade destinada a previr o acoso e outra explicativa para as familias sobre os servizos sociais e a relación co sistema educativo.



EQUIPOS DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICOS

A última das prazas de Traballo Social ocupada nos equipos de orientación específicos, en Lugo, quedou vacante pola xubilación da súa titular, a metade de ano. Fixéronse varias intervencións a nivel político para intentar que a Consellería de Educación cubriese eses postos. Dende o ano 2023 estamos pendente do recurso xudicial contra a decisión de amortizar estas prazas.



A abordaxe do social no sistema educativo dende o blog

Ao longo do ano o blog trouxo á actualidade da vida colexial a experiencia das profesionais do Traballo Social nos Centros de Educación Especial concertados. Nestes porque nos públicos non existe esta figura profesional, que si ten presenza, funcións e eficacia nos centros concertados.

A experiencia a nivel estatal aportouna a charla con Dolores Soler, compañeira con unha ampla traxectoria neste eido, estudosa das situación en toda España.

En setembro falamos coa Presidenta da Confederación de ANPAS Galegas, na véspera da mobilización contra a precariedade de recursos no ensino publico en Santiago, que foi apoiada polo COTSG e nela participaron compoñentes do grupo de TS educativo.

O BLOG DO COTSG

O TRABALLO SOCIAL NUN CENTRO
ESPECIAL DE ENSINO



Fanny Lago:

'O Traballo Social nos Centros de Educación Especial é clave para a atención integral ás persoas con discapacidade e ás súas familias'.



O BLOG DO COTSG

Traballo social educativo:
Dolores Soler



O BLOG DO COTSG

A DEFENSA DA PERSPECTIVA SOCIAL
NO ENSINO PÚBLICO



ISABEL CALVETE: presidenta da Confederación de ANPAS Galegas, explicanos a situación crítica do ensino publico e os motivos para saír á rúa o 26 de outubro.





Implicación do Traballo Social na problemática do sistema educativo

O grupo de Traballo Social Educativo estivo presente e pendente da realidade do sistema educativo. Participando na rúa, facendo presente a nosa visión das cuestións que lle afectan e participando nos foros aos que tivemos acceso para falar da necesidade da abordaxe especializada dos problemas sociais da comunidade educativa.



Participación na I Jornada Estatal de Traballo Social en Educación

O COTSG participou neste encontro profesional a nivel estatal, organizado polo Consejo General del Trabajo Social, celebrado en Alicante, onde se plasmou a situación do Traballo Social Educativo en distintas comunidades autónomas. Andrea Lago, compañeira do grupo de traballo de TS educativo participou nunha das mesas redondas nas que se dividiu a xornada.



• 2.3.2 Traballo Social en Emerxencias e grandes catástrofes

A atención das necesidades sociais da poboación afectada por emerxencias e grandes catástrofes é unha obriga recoñecida pola normativa reguladora da xestión e atención ás mesmas. A regulación xurídica e técnica destes eventos destaca a necesidade de atender con especial coidado ás persoas con dependencia, discapacidade e menores, ademais de ter en conta a necesidade de comunicación e contacto das familias.

A realidade é que en moitas comunidades autónomas do estado se atenden estas necesidades a través do voluntariado organizado e formado pola rede colexial.

O longo do 2024 mantiveronse contactos, e múltiples comunicacións coa Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, co obxectivo de asinar un convenio de colaboración e avanzar na redacción do protocolo que permita organizar o grupo de voluntariado de Traballo Social para a intervención en emerxencias.



Actuación do Traballo Social en emerxencias


No ano 2024 producíronse emerxencias de importancia, tales como a DINA en varias comunidades autónomas ou o incendio de Valencia. Estes eventos provocaron análise da abordaxe que se fixo deles, e o papel do Traballo Social na atención das necesidades sociais. O Consello Xeral e o COTS de Valencia despregaron o seus grupos de voluntariado facilitando unha atención social de calidade.



As emerxencias no blog

Para coñecer mellor a experiencia no resto de España, entrevistamos no blog a Artur Román, traballador social experto en intervención en emerxencias en Catalunya

• 2.3.3 I Informe do Traballo Social e dos servizos sociais de Galicia



A necesidade de ter datos propios sobre a realidade dos traballadores e traballadoras sociais que poidan servir de base á planificación da actividade do COTSG levou a impulsar este estudio.

Seguindo o modelo de investigacións similares no Consello Xeral, contouse coa cooperativa INDAGA, o ámbito universitario, neste caso a UVIGO, e a participación directa da Xunta de Goberno como núcleo motor do proxecto.

Este estudo ten como propósito analizar as características e dinámicas do Traballo Social en Galicia, poñendo énfase nas estruturas formais, organizativas e laborais da profesión. Para, por un lado, poñelas en relación coas características do territorio e a poboación á que se presta servizo. E, por outro, para explicar as características da profesión dende a perspectiva das traballadoras sociais. Recompilando os elementos que definen e condicionan a experiencia cotiá da profesión, prestando especial atención á saúde laboral e ó conxunto de malestares que poden derivarse do exercicio do Traballo Social.

A parte inicial do proxecto definiuse durante a primavera do ano 2024. Entre xullo e novembro realizouse o envío de 345 enquisas a colexiados e colexiadas seguindo os requirimento técnicos propios da investigación para conseguir a aleatoriedade e representatividade necesarias para garantir a validez dos datos.

O resultado desta investigación preséntase públicamente no mes de marzo do ano 2025.

3. Liñas de traballo dende a institución

• 3.1 Liñas de traballo dende a institución

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

O ámbito profesional mais importante a nivel numérico da colexiación, e polo tanto tamén reflexo nas actividades e demandas no COTSG.

A formación realizada dende o Colexio estivo encabezada polos cursos que contaron con financiamento da Dirección Xeral de Inclusión Social:



SOBRECARGA DE TRABALLO

Os servizos sociais comunitarios teñen unha sobrecarga de traballo, directamente relacionada coa asunción de tarefas diversas de outros sistemas de benestar social que non atenden as problemáticas sociais que lle son inherentes. Unha das demandas que mais medrou é a procedente do sistema de xustiza.

Durante todo o ano funcionou o grupo de traballo de SS. SS. Comunitarios, con reunións periódicas e realización de informes e documentos solicitados polos órganos colexiais. Máis de vinte persoas compoñen este grupo.



Formacións: os servizos sociais comunitarios teñen encargadas un grande número de funcións na administración, e por isto que o seu abano de formacións e amplo e diverso. Durante o ano 2024 houbo formacións transversais sobre enfoques teóricos en Traballo Social e técnicos sobre facetas profesionais específicas.

XESTIÓN E COORDINACIÓN DE S.A.F.

40 horas

Formación en liña con sesións en liña

29 de outubro ao 20 de decembro 2024

Gratuito para persoas colexiadas

Docente: Chelo Vázquez

Inscripción aberta ata o 20 de outubro ou completar prazas

Deputación DA CORUÑA

FORMACIÓN DO COTSG

INTERVENCIÓN SOCIAL EN SENFOCARISMO E COAS PERSONAS SEN FOGAR

Pablo Sánchez Ferreira
Traballador Social

50 HORAS

Datos: 4 de novembro ao 13 de decembro de 2024

Modalidade: Mista, teleformación non sesións online o 13 e 27 de novembro de 17:00 - 20:00 h

Prezo: Persoas colexiadas/pre-colexiadas: 104€
Persoas colexiadas/pre-colexiadas en desemprego: 94€
Persoas non colexiadas: 209€

FORMACIÓN COTSG

TRABALLO SOCIAL E ATENCIÓN INTEGRAL CENTRADA NA PERSOA

VICTORIA ARADIA CALPENA
Traballadora social en exercicio libre e fundadora de Alcence Social

Datos: 16 de setembro ao 18 de novembro de 2024

Modalidade: Teleformación

Prezo: Persoas colexiadas ou pre-colexiadas: 67€
Persoas non colexiadas: 134€

100 HORAS

FORMACIÓN COTSG

A XESTIÓN DE PROXECTOS CON FINANCIAMENTO PÚBLICO

Andrés Lage Martínez
Traballadora Social con máis de 20 anos de experiencia no deseño, implantación e xestión de programas e proxectos con financiación pública

Datos: 6 ao 20 de maio de 2024

Lugar: Presencial na Escola Galega de Administración Pública (EGAP), Rúa de Madrid, 2 (Santiago de Compostela)

Modalidade: Mista, teleformación e sesións presenciais 6, 13 de maio de 10:00-14:00 e 15:00-18:00
20 de maio de 9:00-15:00

Prezo: Persoas colexiadas ou pre-colexiadas: 60€
Persoas colexiadas en desemprego: 55€
Persoas non colexiadas: 115€

40 HORAS

Postos de traballo nos servizos sociais comunitarios.

O COTSG mantén a reclamación sistemática das convocatorias para que inclúan o Traballo Social como unha das profesións habilitantes para ocupar o posto de traballo de Educador/a Familiar.

DÍA MUNDIAL DO TRABALLO SOCIAL

"O TRABALLO SOCIAL E NOVOS ENFOQUES"

Traballadora social e facilitadora de grupos especializada en Culturas de Paz, Educación, Conflitos e Dereitos Humanos na UGR. Emprega metodoloxías participativas e socioafectivas, apostando polo Xogo e a Arte como ferramentas de rexeneración ecosocial.

Andrea Alfaya

Traballadora Social pola UNAM (México) e maestría en Xénero e Educación pola USC. Colaboradora voluntaria e profesionalmente en diferentes colectivos e asociacións da sociedade civil en materia de Dereitos Humanos e perspectiva de xénero, tanto en México como en Galicia. Activista social e dinamizadora de procesos grupais e comunitarios desde unha perspectiva antirracista e anticarcelaria.

Lorena Relión

Traballadora social ecofeminista e facilitadora de grupos. Traballa coa permacultura como ferramenta para a rexeneración e a transición ecosocial nos seus diferentes ámbitos. Enfocada na cultura de paz con perspectiva interseccional e de xustiza social.

Marta Pernas

WEBINAR "O TRABALLO SOCIAL E NOVOS ENFOQUES" E ENTREGA DE PREMIOS
18 DE MARZO 11:00 - 13:00

DEFENSA DA PROFESIÓN

O COTSG presenta un Recurso potestativo de Reposición fronte as bases dunha praza de EDUCACIÓN FAMILIAR por excluir a titulación de Traballo Social

Traballo Social educativo

FAMILIA E INFANCIA

A practica profesional do traballo social nos servizos especializados de infancia e familia contan con un espazo propio na actividade do COTSG. No ano 2024 prestóuselle atención á programación de actividades formativas para mellorar e ampliar a formación colectiva neste ámbito.

A comisión constituída no COTSG asesorou á Xunta de Goberno sobre as políticas, normativas e servizos que lle afectan a este sector da actividade profesional.

O Servizo de Educación e Apoio Familiar nas cidades foi obxecto de revisión e análise, para determinar o cumprimento da legalidade en canto as ratios de persoal, e ao cumprimento das funcións que teñen atribuídas. Solicitouse a información ós concellos, e recorreuse á Valedora do Pobo para que algúns deles a remitiran.

No Blog contamos coa colaboración de Emma Seoane, experta neste campo que compartiu con todos e todas nos ás súas opinións, e con Paula Fernández que nos falou da educación afectiva e sexual.



TRABALLO SOCIAL SANITARIO

O Traballo Social ten unha forte vinculación coa saúde e o seu coidado, e da emprego a un importante número de profesionais, tanto no sector público como no privado.

No colexio están constituídos dous grupos de traballo relacionados pero con distinta actividade; o Grupo de Traballo en Saúde e o Grupo de Traballo en Saúde Mental.

O Grupo de Traballo de Saúde traballou neste ano nun proxecto de mapa de recursos sanitarios, na análise de protocolos sanitarios e na elaboración de documentos técnicos sobre o Traballo Social sanitario.

O Grupo de Traballo en Saúde Mental elaborou un borrador dunha guía de recursos, documento sobre as funcións dos e das profesionais do Traballo Social en saúde mental, propostas para o novo plan de saúde mental e colaborou con aportes técnicos para a realización de reclamacións colexiais.

No ano 2024 realizouse un “informe sobre a presenza de profesionais do TS na sanidade de Galicia”. Este documento recolle a localización a data de xuño de 2024 dos profesionais no sector público de Galicia e nos hospitais privados. Posteriormente ampliouse para darlle entrada os servizos de drogodependencias e alcoholismo, que teñen unha dependencia funcional, aínda que non orgánica, da sanidade pública.

No ano 2024 mantivéronse diversas reunións xunto coa Fundación Salma e outras entidades cos responsables da atención en saúde mental para traballar melloras neste campo.

A formación en saúde no ano 2024, consistiu na organización dun curso de duración media e na colaboración coa organización da IV Xornada de Traballo Social e Saúde, celebrada en Ourense o 10 de maio, baixo o lema “Saúde, comunidade e Traballo Social comunitario”



As reclamacións durante o ano 2024 centráronse na histórica demanda de que o Traballo Social sexa considerada profesión sanitaria, e por outra banda esixirlle ao SERGAS que aumente o número de prazas nas OEPs para a nosa profesión.



A **presenza pública** do COTSG relacionado coas datas sinaladas, en foros e eventos como na feira da saúde PONTESAN, ou acudindo a encontros promovidos por entidades que actúan e levan adiante a súa actividade no campo da saúde, tivo por obxecto facer presentes a figura profesional e os seus enfoques a nivel social e comunitario.





Reunións institucionais

Durante o ano 2024 a Presidenta, Miriam Rodríguez, acompañada de Luz Campello, Delegada en Galicia da Asociación Española de Traballo Social y Salud, mantivo unha reunión co Conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez, para trasladarlle as necesidades e criterios que a profesión contempla sobre o sistema sanitario.

Participación en Foros

O COTSG tivo unha ampla presenza en distintos foros sobre temáticas de saúde, a través dos e das compoñentes da Xunta de Goberno que traballán neste campo. A dimensión social da saúde ten que ter a entidade que se merece.



O BLOG DO COTSG

TRABALLO SOCIAL E SAÚDE MENTAL
E PREVENCIÓN DO SUICIDIO



BEATRIZ GÓMEZ: "A clave non é o grupo, é o comunitario, porque moito do sufrimento actual é social, e as respostas non poden seguir sendo individuais"

Difusión de experiencias profesionais

Beatriz Gómez traballadora social do SERGAS en Ourense, compartiu a través do blog o seu saber con todos e todas nos.

INCLUSIÓN SOCIAL

A inclusión social, ademais de unha función de distintos postos de traballo no traballo social, é un campo propio da nosa actividade.

O COTSG reactivou o Grupo de Inclusión no ano 2023, para darlle pulo ó traballo neste área. A inclusión social é o obxectivo primordial de todas as actuacións que desenvolven os e as traballadoras sociais, e esta no centro da nosa actividade profesional.

Ademais da actividade desenvolta arredor do grupo de traballo, organizáronse formacións sobre este tema, contando en ocasións co tecido asociativo que atesoura unha experiencia de traballo con persoas que están en exclusión social. O tecido asociativo é pioneiro en promover o recoñecemento de necesidades sociais e a creación de servizos que faciliten a inclusión social das persoas. No ano 2024 estas foron as organizadas:



Proxección corporativa sobre a inclusión social

A organización colexial ten entre os seus obxectivos estar presente nos espazos sociais que promoven mensaxes, proxectos ou actividades que reforcen a inclusión social de persoas e colectivos, e dos profesionais que a fan posible.

nada sobre nos sen nos

3 de decembro



día mundial das
persoas con
discapacidade



A inclusión social no blog

Durante o ano 2024 o blog publicou varias entradaS reflexando as funcións e as experiencias de traballadores e traballadoras sociais en distintos dispositivos ou servizos nos que se atenden a persoas necesitadas de mellorar o seu nivel de inclusión social.

Yago Lage, tróuxonos a súa experiencia de traballo con persoas coa Síndrome de ASPERGER, Paula Ignacio dende a FAXPG falou da intervención social con persoas xordas, Raquel Rodríguez compartiu o seu traballo dende a Cruz Vermella con persoas solicitantes de protección internacional, e Santiago Legaspi falounos da realidade do colectivo de persoas LGBTIQ+, dende a dobre visión de traballador social e activista.



O BLOG DO COTSG

O TRABALLO SOCIAL E AS PERSOAS
XORDAS



Paula Ignacio Suárez:

"As traballadoras sociais de FAXPG garanten que a persoa xorda sexa participe en todo momento do seu proceso de cambio."



TRABALLO SOCIAL E FEMINISMOS

O feminismo está intrinsecamente ligado ao Traballo Social, na súa xénese é evidente que as mulleres que o impulsaron tiñan a convicción da necesidade de loitar polos dereitos femininos, e de repensar o seu lugar na sociedade, como pola práctica e deontoloxía profesional que non deixa de pelexar pola igualdade real de todas as mulleres.

É por iso que a actividade do COTSG está construída tendo en conta ás orientacións feministas, e as aportacións creadas dende a disciplina do Traballo Social para aportar ao corpo teórico dos feminismos. Así é que todos os eventos, formacións, actos representativos ou a dinámica xeral do Colexio son feministas. Pero esta extensión non pode facer desaparecer os elementos concretos desta vinculación, así no ano 2024 podemos destacar, en primeiro lugar, a celebración do 8 de marzo, día internacional da muller traballadora no que se publicou este manifesto:

 Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

8 DE MARZO. MÁIS DE 100 ANOS DE LOITA FEMINISTA

MANIFESTO

Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

Promulgado en 1975 pola Organización de Nacións Unidas (ONU), o 8 de marzo é recoñecido mundialmente como un día que remite á loita pola conquista de Dereitos e a visibilización das desigualdades e as violencias en todas as súas formas e tipos.

A historia do 8 de marzo lévanos ao ano 1908 cando 140 mulleres morreron nun incendio na fábrica Cotton, de Nova York, logo de que se declarasen en folga con permanencia no seu lugar de traballo en reclamo da redución da xornada laboral, igualdade salarial cos homes que realizaban as mesmas tarefas, melloras nas condicións laborais, entre outras demandas. Ante a negativa de abandonar a loita polos seus dereitos, a resposta por parte do dono da fábrica foi pechar as portas e **prender lume o edificio coas traballadoras dentro**.

Outro precedente do que se ten rexistro é o das manifestacións do 8 de marzo de 1857, onde centos de traballadoras dunha fábrica téxtil de Nova York, reclamaban contra as pésimas condicións laborais e os baixos salarios, novamente a resposta foi unha **brutal represión que levou a morte a 129 traballadoras**.

Lonxe de abandonar a loita, as mulleres traballadoras do mundo continuaron organizándose, e en 1910 durante a Internacional Socialista, reunida en Copenhague, proclamouse o **"Día da Muller traballadora"**, de carácter internacional como homenaxe ao movemento en favor dos dereitos da muller, polo dereito sufraxio feminino universal, a ocupar cargos públicos, o dereito ao traballo, á formación profesional e á non discriminación laboral.

En 1977 a Asemblea Xeral da ONU estableceu o 8 de marzo como o Día Internacional da Muller, excluindo o termo de Traballadora, co obxectivo de "desvirtuar" o contido de clase revolucionario que deu orixe a esta celebración.

O obxectivo da conmemoración desta data é reflexionar activamente sobre a evolución das condicións de vida e traballo das mulleres en todo o mundo, así como fomentar accións tendentes a melloras nas que xa se logran avances, e reverter as situacións de indignidade e inxustiza.

Así pois, con esta reflexión e atendendo que o Traballo social pertence a profesións de coidados e de axuda aos demais cargada de estereotipos de xénero, continuamos coas desigualdades laborais que afectan aos salarios, a distribución de recursos, tempos, responsabilidades, a escaseza de mulleres en postos de dirección, etc. Participando as mulleres con forza nos orixes do acompañamento social, foron e son os homes na súa maioría quen ocupan postos de mando.

Polo tanto, o 8 de marzo bríndanos a oportunidade para pensar(nos) e (re)coñecer como impacta o xénero na nosas tarefas cotiás, no xeito no que habitamos como profesionais do Traballo Social as institucións (sociais, educativas, etc.), nas nosas crenzas, en definitiva, na nosa ollada cara a vida.

OUTROS DÍAS

Ao longo do ano hai mais días que merecen a pena celebrar na axenda feminista. No ano 2024 puxemos a nosa atención no día 6 de febreiro.



A importancia da loita contra a violencia de xénero

Para conmemorar do 25 de novembro, realizouse un encontro entre a Presidenta, Miriam Rodríguez e Sandra Lorenzo, traballadora social e participante no grupo de Traballo Social e Feminismos, departiron e mantiveron unha conversa con Rosa Cobo, profesora titular da UdC, investigadora e experta en feminismo. O contido deste encontro está dispoñible en youtube e fíxose difusión do mesmo.



Aínda que as formacións incorporen a perspectiva feminista, tamén é necesario visualizar as formacións específicas, para que a nosa práctica profesional mellore ano a ano. No 2024, contamos coa formación impartida por Raquel Millán.

O Colexio é un punto Violeta

A sede colexial é un punto violeta para a atención de mulleres que estean en perigo de sufrir unha agresión. Estamos de alta no rexistro deste tipo de espazos seguros



EXERCICIO LIBRE DA PROFESIÓN

O exercicio libre da profesión é un ámbito de traballo que vai en aumento nos últimos anos, e froito deste interese na profesión esta constituído un grupo de traballo que funciona con dinamismo.

Durante o ano 2024, esta emerxencia visualizouse a través coa presenza dos profesionais que desenvolven a súa carreira profesional neste sector fíxose presente nas publicacións do blog e na actividade formativa organizada pola COTSG

O BLOG DO COTSG

EXERCICIO LIBRE NO TRABALLO SOCIAL



SILVIA PEREIRA: "Que poñan a proba a súa creatividade e xurdirán milleiros de ideas a desenvolver por conta propia no Traballo Social".



O BLOG DO COTSG

O MODELO DE ATENCIÓN CENTRADA NAS PERSOAS



VICTORIA ABADÍA CALPENA: Traballadora social desde 2018 e fundadora de Alicerce Social, con ampla experiencia en dependencia e persoas maiores.



3.2 Comisións e Grupos de Traballo

A actividade participativa da colexiación no traballo colexial continuou, como anos pasados, no 2024. Durante este ano funcionaron as seguintes Comisións e Grupos de Traballo.

- **Comisión de Infancia e familia.** Nace co obxectivo de asesorar tecnicamente á Xunta de Goberno en relación coa regulación, deseño e xestión dos servizos de protección da familia e da infancia. Analizara as eivas do Sistema de Protección de Menores e propoñera medidas que garanticen a atención, a coherencia e eficacia do sistema.

Grupos de Traballo.

- **Traballo Social e SAF**

Ten como finalidade compartir as problemáticas máis comúns na xestión e coordinación dos Servizos de Axuda no Fogar, traballar na creación de modelos, protocolos e ferramentas de traballo que contribúan a mellorar a xestión do servizo, realizar propostas ou modificacións para demandar ás administracións a nivel normativo e de inspección, valorar a situación laboral dos/as técnicos/as de xestión do SAF tanto a nivel de ratio como de función e crear un espazo de diálogo e reformulación do SAF de cara ao futuro.

- **Traballo Social e Inclusión**

Ten por obxectivo de defender as políticas e actuacións encamiñadas a lograr a inclusión sociolaboral das persoas en situación ou risco de exclusión social, visibilizar o traballo das equipas e traballadores/as sociais da EIS, recuperar a rede creada e a coordinación neste eido e crear novos espazos de intercambio de experiencias.

- **Traballo Social e SS.SS. comunitarios**

Reivindicar o traballo básico de Servizos Sociais que permitan ir cara unha intervención social de calidade neste nivel de atención.

- **Traballo Social e Saúde Mental**

Impulsa a visibilización da figura do Traballo Social no ámbito de saúde mental e loita por establecer unha intervención social de calidade, denunciando as eivas que se detecten.

- **Traballo Social en Educación.**

Difundir o Traballo Social Educativo entre a sociedade en xeral, e a comunidade educativa en particular, e recuperar a figura do/da Ts no sistema educativo.

- **Traballo Social e Feminismos**

Espazo de debate e reivindicación onde se potencia o activismo social feminista para protexer e impulsar os dereitos do colectivo feminino dende o Traballo Social.

- **Traballo Social e Exercicio Libre**

Visibilizar este modelo de exercicio do traballo social, recoller o sentir destes e destas profesionais e ser un espazo de intercambio de experiencia e estratexias.

- **Traballo Social e Saúde.**

Promover mellores condicións para exercer o Traballo Social en saúde e dotarse de ferramentas eficaces para exercelo.

3.3 intervencións corporativas

Durante o ano 2024 as intervencións corporativas dende e para a nosa profesión foron numerosas e constantes, dirixidas a todo tipo de entidades e administracións, tanto dende a óptica xurídica, deontolóxica ou profesional, cando se tivo constancia de que non se respectaron os principios, obrigas e dereitos que nos definen como profesión.

O número de comunicacións dirixidas ás entidades públicas e privadas durante o ano foi de **51**. Este número engloba os recursos, escritos e solicitudes, na súa maior parte dirixidas ás administracións públicas.



Os comunicados públicos e informacións mediante publicacións nas redes sociais dos posicionamentos estratéxicos para o Traballo Social e os sistemas de Benestar foron unha ferramenta utilizada durante o ano 2024 en numerosos momentos.



Atención ás persoas colexiadas

As consultas de persoas colexiadas son un elemento fundamental de comunicación entre a colexiación e a estrutura colexial, xa que representan unha transmisión de información de importancia vital. Por unha parte as persoas colexiadas informan das preocupacións dominantes e dos temas de interese en cada momento, e o Colexio transmite os seus criterios a través das respostas.

A consultas atendidas dende o Colexio no ano 2024 son **958**. De estas as consultas atendidas pola asesoría xurídica son **434**, que versaron sobre condicións laborais, procedementos selectivos, protección de datos de carácter persoal, dereitos e deberes das persoas usuarias e das e dos colexiados.

O persoal do COTSG atendeu un total de **524** consultas, referidas a temas moi diversos dende formación propia e externa, dinámicas profesionais, ofertas de emprego, funcións dos profesionais do TS e, en xeral calquera consulta referida ao funcionamento da estrutura colexial.

Autocoidado

A lareira social é o espazo de autocoidado para as persoas colexiadas. Trabállanse habilidades e capacidades que permitan aumentar o benestar e a resiliencia nos profesionais do Traballo Social. Durante o 2024 continuamos dándolle contido e actividades.



O

Reclamacións, Queixas ou Suxestións


As colexiadas, colexiados e a cidadanía teñen dereito a dirixirse ao Colexio Oficial para trasladarlle as queixas, demandas ou suxestións sobre calquera cuestión relacionada co funcionamento do Colexio, o Consello Xeral, os seus servizos, o Traballo Social, os servizos sociais ou a política social.

Asemade, existe un formulario que pretende ser unha ferramenta para DENUNCIAR de xeito sinxelo aqueles casos de INTRUSISMO PROFESIONAL que se coñezan. O COTSG vela así pola defensa da profesión co obxecto de erradicar actuacións irregulares en relación coa nosa disciplina.

As comunicacións recibidas mediante este procedemento son debidamente atendidas en tempo e forma.

O número de queixas atendidas no ano 2024 son 16. 14 presentadas por cidadáns e 2 por persoas colexiadas.

#STOPIntrusismo



Listaxes profesionais

A relación das listaxes profesionais con actividade durante o ano 2024 está formada polas seguintes :

- Docencia
- Expertos/as
- Tribunais
- Profesionais independentes
- Peritaxe
- Mediación

Entre outubro e novembro estivo aberto o proceso para as incorporacións ás listaxes profesionais. A listaxe renovada estará en vigor ate finais do 2025

Servizos de emprego

O emprego é un elemento fundamental para calquera persoa, e nunha organización que agrupa en función da pertenza a unha profesión mais, xa que a actividade laboral é imprescindible para desenvolverse como traballadores e traballadoras sociais.

O COTSG fai unha recollida nos boletíns oficiais, paxinas públicas e privadas de ofertas de emprego e recompila na web a información para facilitar a colexiadas e colexiados o acceso.

Durante o ano 2024 publicáronse un total de 920 ofertas de emprego.

Dende o punto de vista colectivo, o COTSG mantivo a defensa dos espazos laborais do Traballo Social, facendo valer en distintos ámbitos as nosas capacidades para desenvolver as funcións de postos non exclusivos para traballadores e traballadoras sociais.



Dereitos laborais

Coñecer a estrutura básica da regulación laboral é necesario para entender a nosa realidade como empregados e empregadas. Para mellorar en saberes organizáronse formacións neste eido.



COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

SESIÓN INFORMATIVA

CONVENIOS LABORAIS, ASOCIACIÓNS SINDICAIS, DEREITOS LABORAIS E ORGANIZACIÓN COLECTIVA

6 de febreiro | 17.00-19.00

Intervirán:
 Julia Álvarez, avogada e asesora xurídica do COTSG
 Representación Sindical da CIG:
 Marisol Fernández Valado - Traballadora Social da UMAD
 María Xosé Santos - representante da CIG da administración local

Podes asistir **presencialmente** na sede do COTSG en Compostela ou asistir **telematicamente**

Recorda **inscribirte** no formulario habilitado!

Xacementos de emprego

Ademais de manter os espazos laborais do Traballo Social, o Colexio quere difundir outras organizacións nos que a nosa profesión ten presenza aínda que sexan menos coñecidas. No ano 2024 fixémonos nas mutuas de accidentes de traballo e nos plans comunitarios.

SESIÓN INFORMATIVA

TRABALLO SOCIAL EN MUTUAS

- COÑECER AS ESPECIFICIDADES DA PROFESIÓN NO ÁMBITO DAS MUTUAS
- CONCEPTUALIZACIÓN DE MUTUA COLABORADORA COA SEGURIDADE SOCIAL
- ALCANCE DO ACCIDENTE DE TRABALLO E ENFERMIDADE PROFESIONAL
- O TRABALLO DENTRO DO SECTOR (OBXECTIVOS, FUNCIÓNS, OBXECTO, PROTOCOLO DE INTERVENCIÓN)



INTERVEN

- PAULA CRESPO TRABALLADORA SOCIAL EN FREMAP

14 de maio | 17:00 | online

Inscripción no seguinte enlace:
<https://docs.google.com/forms/d/1g1MSAhtfaFM3jhWuz39A9JBsrFbJfz8TBq30hn9JZw/edit>

Organiza:




O BLOG DO COTSG



Trabalho social comunitario:
Xenoveva Cordeiro



Seguro de Responsabilidade civil

O COTSG ten asinado coa empresa BROKERS 88 unha póliza para proporcionar un servizo de seguro para responsabilidade civil das persoas colexiadas. Hai dúas modalidades con distintos riscos cubertos e distintos prezos. Durante o ano 2024, contratáronse 60 pólizas (opción A) e 307 pólizas (opción B).



A NEWSLETTER do COTSG do 21 ao 28 de outubro

Newsletter

Mediante o uso da ferramenta Mailchimp, o departamento de comunicación do COTSG envía semanalmente “O Fío” en formato dixital, no que se inclúen as novas destacadas da semana, así como ofertas de emprego e formativas, ademais doutra información de interese.

Puntualmente envíanse newsletters sobre temas concretos, como avisos importantes ou campañas relevantes. Deste tipo de newsletters enviáronse, aproximadamente, unha ao mes.

Convenios e colaboración comerciais

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia ten a capacidade de establecer convenios con administracións ou entidades do sector privado para colaborar en traballos de interese para a profesión ou en melloras para o acceso a servizos por parte de colexiados e colexiadas. No ano 2024 os convenios que están en funcionamento son:

- Convenio entre a consellería de Política Social e o COTSG polo que se encomenda o mantemento dos sistemas de información básicos do sistema galego de servizos sociais SIUSS-SIUSSGAL-PBSS e MATIASS.
- Convenio Universitat Oberta de Catalunya. Contempla o establecemento dun marco xeral de colaboración.
- Convenio Universidad Complutense de Madrid. Ten por obxecto establecer as liñas de colaboración para o desenvolvemento do master propio da UCM “Dependencia, Políticas Públicas e Innovación Social de Persoas Maiores”.

- Convenio Amplifon Iberica. O obxecto do convenio é a colaboración xeral, e unha serie de vantaxes en canto a revisións auditivas e prezos reducidos para o conxunto da colexiación e traballadores do COTSG.

MATIAS

Este programa ten como obxectivo proporcionar información, apoio tecnolóxico, asesoramento técnico e formación continua dos traballadores/as sociais dos Servizos Sociais.

Desenvólvese en colaboración co Servizo de Coordinación de Servizos Sociais Comunitarios da Consellería de Política Social e Xuventude para a dirección, planificación do servizo, e supervisión técnica, que facilita ademais a coordinación interadministrativa, a resolución de incidencias e a integración de resultados.

Áreas



Resumo de contidos publicados

Ano	Novas	A Normativa	Convocatorias	Formación	Publicacións
2024	250	85	258	263	43

NOVAS: Publicáronse 250 novas con información relevante para as/os profesionais dos servizos sociais, de política social de ámbito autonómico, provincial e estatal, así como anuncios e avisos sobre procedementos, concesión de axudas, requirimentos de emenda de documentación, e outras novas de interese. Deseñáronse e publicáronse 28 banners na cabeceira da páxina de inicio (galería) con cadansúa ligazón á nova correspondente.

ACTUALIDADE NORMATIVA: Incorporáronse 85 referencias normativas en materia de servizos coa ligazón ao texto lexislativo completo, así como un resumo dos aspectos máis relevantes das normas. Tamén se publicaron proxectos normativos en prazo de recollida de alegacións.

CONVOCATORIAS: Publicadas e visibles desde a páxina de inicio as 258 convocatorias de axudas e subvencións, e outro tipo de recursos que foron asómesmo transferidos de forma automática á funcionalidade de "convocatorias abertas/ a punto de rematar" e á "axenda". Actualizáronse os resumos do máis salientable en cada un dos procedementos e recursos ou ben creáronse os contidos nos casos en que se trataba de recursos novos.

FORMACIÓN: Publicáronse un total de 263 actividades como plans de formación en Servizos Sociais, en SIUSS e HSUE, formación continua da FEGAMP, das Deputacións Provincias, IMSERSO, e de outras entidades.

PUBLICACIÓNS: Foron incorporadas 43 novas publicacións, incluíndo unha breve sinopse das mesmas. O tipo de publicacións foron Guías e Manuais, Documentos técnicos, así como Estudos e Informes.

USUARIOS/AS

Total usuarios/as rexistrados no portal MATIASS a 31 decembro de 2024:

- De alta (activos): 2.344
- De baixa (desactivados): 56
- Total usuarios/as: 2.400

Variacións no ano 2024:

- Altas : 290
- Baixas: 36

SIUSS

Desenvolvemento das actividades técnicas necesarias para o mantemento actualizado dos sistemas de información básicos dos servizos sociais, baixo as instrucións do órgano competente da Xunta de Galicia (na actualidade, a Dirección Xeral de Inclusión Social) englobando a realización das seguintes actividades:

- 1.Xestión dos distintos perfís de acceso de usuarios de SIUSSGAL por parte do persoal dos servizos sociais comunitarios de Galicia en función dos roles e niveis de acceso establecidos polo órgano competente da Xunta de Galicia.,
- 2.Asesoramento permanente ao persoal técnico dos servizos sociais comunitarios, nomeadamente de tipo técnico-conceptual, sobre as táboas de codificación establecidas para os diferentes campos de información nos que se rexistran as intervencións sociais.
- 3.Desenvolvemento das accións formativas dirixidas ao persoal técnico dos servizos sociais comunitarios municipais en materia de SIUSS/SIUSSGAL que se organicen no marco do Plan de Formación Continua aprobado anualmente pola Dirección Xeral de Inclusión Social.
- 4.Manter a debida interoperabilidade, permitindo que a información recollida en SIUSSGAL polos servizos sociais comunitarios das corporacións locais poda transferirse de xeito automático á Administración do Estado a través da aplicación informática de titularidade estatal denominada Prestacións Básicas de Servizos Sociais (PBSS).

3.4 intervencións públicas



Presenza Publica

A presenza pública do Colexio é vital para poder transmitir as mensaxes importantes para o Traballo Social. Durante o ano 2024 activouse debido a situación excepcional que vive a profesión.

As mensaxes do COTSG a través da prensa e das redes sociais foron habituais, pero tamén a presenza das figuras representativas da profesión a nivel galego foron constantes ao longo de todo o ano. Establecéronse alianzas con axentes políticos que permitiron levar a foros externos os nosos problemas e reivindicacións. Un dos espazos nos que se oíu a nosa voz foi no Parlamento de Galicia, e trasladouse a nosa mensaxe a foros de diverso tipo.





• 4 Identidade, Participación, e Orgullo.

Día Mundial do Traballo Social 2024

No calendario da profesión o día mais importante do ano é o que celebramos o Día Mundial do Traballo Social, o terceiro martes do mes de marzo. O ano 2024 cadrou a 19 de marzo, e a FITS escolleu como lema “Buen Vivir”, en castelán orixinal. En Galicia o Colexio organizou e colaborou en distintos eventos organizados para evidenciar a forza da nosa profesión.



GRAVA O TEU VÍDEO E SÚMATE AO MOVEMENTO...

19 Marzo - Día Mundial Traballo Social

#EU TAMÉN...

01 COMEZA O TEU VÍDEO CON: "Son traballadora/traballador social e eu tamén..." + unha frase que sexa significativa

02 Video en VERTICAL, podes gravalo co teléfono móbil! Se alguén poder gravarte mellor. Un plano medio, é dicir, medio corpo

03 Duración máxima de 15 segundos

IDEAS:

- #EuSonTraballadora/or social e #EuTamén fun chamada Asistente Social
- #EuSonTraballadora/or social e #EuTamén REIVINDICO máis tempo de intervención e acompañamento coas persoas coas que traballo
- #EuSonTraballadora/or social e #EuTamén ás veces sinto con ansiedade no meu traballo

ENVÍA o teu vídeo a 604 076 363 con:

- Nome
- Nº. Colex
- Área na que traballas

¿QUERES VER UN EXEMPLO DE VÍDEO?

A celebración do Día Mundial do Traballo Social non pode ser so institucional, é por iso que a actividade central promovida polo COTSG foi de carácter participativo para dar cabida á creatividade da colexiación. 40 persoas mandaron os seus vídeos, que foron difundidos nas redes sociais do Colexio.



Día Mundial do Traballo Social, o COTSG participa na I Xeira da Escola de Traballo Social, en Santiago de Compostela.

Celebración do Día Mundial do Traballo Social mediante unha webinar “Novos enfoques do Traballo Social” na Facultade de Traballo Social de Santiago de Compostela.



A iniciativa do Consejo General, fíxose un recoñecemento en todo o estado ás persoas colexiadas mais antigas de cada Colexio. En Galicia, o recoñecemento foi para nosa compañeira Ana María Rodríguez, colexiada co número 1 dende o ano 1982, e antiga profesora na EUTS de Santiago.



Premios do día do Traballo Social 2024



O ano 2024 convocáronse os premios do Día do Traballo Social, que recaeron nas seguintes persoas:

- Categoría Boas Prácticas, premiada a Exposición fotográfica sobre a deconstrución da masculinidade tradicional” presentada por Patricia González Vidal (Colex. 3674).
- Modalidade Investigación, premiado o traballo “Traballo Social e educación afectivo-sexual en Galicia: unha análise dos materiais elaborados polos centros de información e asesoramento para o alumnado de educación secundaria” presentada por Lucía Carballeira Vieites (Colex. 1813) e Ana Sánchez Bello
- Categoría TFG/TFM premio para “A mellora da satisfacción laboral en profesionais de centros de día: Unha proposta de intervención” presentada por Susana Seoane Veiras (Colex. 2091)

As facultades de Traballo Social

O futuro da profesión constrúese nas facultades de Traballo Social, e o Colexio esta presente no seu ciclo anual. As facultades da UVigo e da USC teñen unha longa traxectoria de traballo conxunto coa organización colexial. Cos centros da UNED onde se imparte a titulación de Traballo Social consolídase a relación paulatinamente tendo en conta a estrutura e funcionamento desta entidade.

O acto de graduación é un importante momento para o profesorado e o alumnado cada ano, e neles compoñentes da Xunta de Goberno representan ao COTSG todos os anos.



Presentación do COTSG ao alumnado de Traballo Social

Como cada ano o persoal do Colexio acudiu ás facultades de Traballo Social para dar a coñecer a estrutura colexial entre as persoas que se están a formar. Ademais de explicar por qué a nosa é unha profesión colexiada, e dos servizos directos e indirectos que se prestan dende o Colexio, ofréceneselle a posibilidade de que dean de alta como estudiantado precolexiado. Esta modalidade permite acceder a algún dos servizos que presta o colexio de xeito gratuíto, a vez que se van introducindo na vida profesional. O ano 2024 precolexiáronse 13 alumnas e alumnos.



A axenda da profesión

Dende hai varios anos o Colexio agasalla ás persoas colexiadas con unha axenda. No ano 2024 deseñouse, imprimiuse e distribuíuse a axenda do ano 2025. Con unha tirada de 1200 exemplares, é un elemento mais da nosa imaxe corporativa e profesional.





Fervenzas 27

A revista galega de Traballo Social nos mais de 25 anos de historia consolidouse como referente dos artigos técnicos do Traballo Social en Galicia. No ano 2024 publicouse o número 27. No ano 2024 deseñouse, imprimiuse e distribuíuse a axenda do ano 2025. Con unha tirada de 1200 exemplares, é un elemento mais da nosa imaxe corporativa e profesional.

Este número conta con seis artigos de diversa temática, unha entrevista coa compañeira Ana Pardo, Presidenta de EAPN Galicia, e responsable de Provivenda en Galicia, a publicación dos traballos premiados no día Mundial do Traballo Social, ademais das habituais seccións que compoñen Fervenzas.

SUMARIO NÚMERO 27

LIMIAR 5

ARTIGOS

O tabú da sexualidade: na muller maior: unha investigación cualitativa

Santiago Aller García 8

Non hai Traballo Social se non hai planeta

Marta Pemas Rodríguez 42

O Traballo Social no sistema educativo vasco, unha aposta social e política

Eduarne Aranguren Vigo 74

Kristina Jausoro Alzola 74

O Traballo Social en educación, unha aposta de futuro: Decálogo da intervención profesional

Laura Zapata Criado 98

Ana María Vilar Varela 98

Saúde Mental, malestar social e capitalismo tardío: Achegas para o Traballo Social

Antía González Deveso 118

Aproximación ao servizo de rehabilitación do hospital Meixoeiro no Chuvi. Perfil dos pacientes e intervención desde o servizo de Traballo Social Sanitario

Alejandro Guerra Rivas 148

PREMIOS DÍA MUNDIAL DO TRABALLO SOCIAL 2024

• Modalidade Boas Prácticas

Anhelos exposición fotográfica sobre a deconstrución da masculinidade tradicional

Patricia Vidal González 174

Ana de la Torre Alvaredo 174

• Modalidade Investigación

Traballo Social e educación afectivo-sexual en Galicia: Unha análise dos materiais elaborados polos centros de información e asesoramento para o alumnado de educación secundaria

Lucía Carballera Vieiras 198

Ana Sánchez Bello 198

• Modalidade TFG/TFM

A mellora da satisfacción laboral en profesionais en centros de día: Unha proposta de intervención

Susana Seoane Veiras 230

EN REDE

Previr o suicidio xuvenil: O programa YAM

Beatriz Gómez Gómez 265

Alexandre García Caballero 265

ENTREVISTA

Ana Pardo Fernández – Presidenta EAPN Galicia e directiva Provivenda en Galicia

Mesa de redacción 271

RECENSIÓN DE PUBLICACIÓN

Para que servimos as traballadoras sociais?

Ángela Rial Fernández 276

FICHAS DE INVESTIGACIÓN SOCIAL

Diversidade Familiar en América do sur e España

Leidi Viciama Moreno Parra 281

Práctica política e proceso decisional na profesionalización do Traballo Social en España (1968-1988). Un análise do discurso

Xoán Lombardero Posada 287

ESPAZO ABERTO

Aspectos sociais das Ostomías

Luz María Yáñez Macías 291

Ana María Goberna Comesaña 291

Colaboración Social

No mes de outubro o cambio climático e a mala planificación xuntáronse para provocar unha dos maiores desastres naturais das últimas décadas. O Traballo Social estivo presente na xestión dos efectos desta DINA a través do grupo de intervención en emerxencias do Consejo General e do Col.legi Oficial de Treball Social de Valencia. A presenza das persoas voluntarias en Traballo Social centrouse en colaborar na resolución das necesidades sociais que quedaron desatendidas por esta catástrofe e as de nova aparición.

Estas dúas entidades promoveron unha campaña de recollida de doazóns para as persoas damnificadas pola DINA, na que participou o Colexio de Galicia.

O Consejo General negociou co Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo y Agenda 2030, un convenio para realización dun proxecto de desenvolvemento social nas zonas afectadas por estes asolagamentos, que será executado nos próximos meses.

CAMPAÑA DE RECOGIDA DE DONACIONES PARA LAS PERSONAS DAMNIFICADAS POR LA DANA



Actos sociais e Académicos

A participación na vida social e académica da representación do COTSG foi unha constante durante o ano 2024. A importancia da visibilidade é indiscutible na sociedade actual, e o Colexio esta representado en todos os eventos ou foros aos que é convidado.





COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA - COTSG

O FUTURO É SOCIAL

GRAZAS!



COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA - COTSG

Proxectando o **Traballo Social** do **futuro** dende a
realidade do **presente**.